


«EL EMIGRADO» CENTENARIO (1920-2020)



O periódico «El Emigrado», foi a publicación máis lonxeva de A Estrada, que durante 20 anos deu conta das vicisitudes do municipio. Financiado pola asociación “ Hijos de la Estrada en Cuba”, tivo como primeiro e último director a Xosé Otero Abelleira. Foi unha publicación de orientación galeguista e anticaciquil, no que colaboraron, entre outros, de García Barros, Xosé Manuel Cabada Vázquez, Vilar Ponte, Vicente Risco, Antón Losada Diéguez, Otero Pedrayo.



DIRECTORES DE «EL EMIGRADO»



XOSÉ OTERO ABELLEIRA

En 1916 participou no Congreso Agrario na Estrada, onde falou sobre o perigo das mulleres emigrantes de caeren na trata de brancas. Ao ano seguinte formou parte da directiva da Federación de Sociedades Agrarias da Estrada. Foi un dos fundadores de *El Emigrado* en 1920, periódico que dirixiu ata 1932. En 1924 foi nomeado concelleiro da Estrada. En 1928 fíxose cargo da imprenta “La Artística”. En 1934 enfermou e comezou o progresivo abandono da actividade pública e política. Co golpe de Estado de 1936 decidiu agocharse na súa casa e agardar os acontecementos. Volveu dirixir *El Emigrado* cando o director, Manuel Durán Durán, fuxiu a Portugal.

En xaneiro de 1939 foi detido coa escusa duns cromos do escaparate da súa librería e pasou máis dun mes no cárcere da Estrada.

En 1953 deixou a imprenta e continuou coa librería La Artística.

Naceu en Vilapouca (Cereixo) en 1892 e finado na Estrada en 1979
Con 12 anos morreu o seu pai e Xosé emigrou con súa nai a Cuba. Traballou como recadeiro nunha tenda de zapatos, asistiu a clases no Centro Galego e entrou en contacto co galeguismo e o agrarismo. Regresou a Galicia en 1908 e foi correspondente e colaborador da revista *Galicia* da Habana, e tamén en *Eco de La Estrada*. En 1912 comezou a traballar como mestre, primeiro en Cereixo e en Calobre e Rubín, despois.

.

XOSÉ FERNÁNDEZ DA PONTE.

Xosé Xoán Fernández da Ponte, naceu en Tabeirós (A Estrada) en 1901 e finou na Baña en 1989, foi un poeta e docente galego, autor de obras en galego e castelán.

Fixo os estudos de mestre en Santiago de Compostela rematándoos en 1919, con 18 anos e, ao non poder opositar pola idade, exerceu o ensino privado primeiro en Lalín e posteriormente durante tres anos no colexio Cuba da Baña.

Aprobou as oposicións de 1923 e foi destinado á escola de Vinseiro, que rexentou durante nove anos. Durante a súa estadía como mestre en Vinseiro foi Secretario do *Sindicato Agrícola Unión de Vinseiro y Cereijo* e foi director interino do xornal estradense *El Emigrado* de outubro de 1932 a abril de 1933.

Promoveu un premio en 1934 para incentivar a asistencia dos nenos á escola que acabou levando o seu nome (Premios Fernández da Ponte).


En 1934 foi destinado a Noia por concurso, onde exerceu ata a súa xubilación en 1971. Foi director do Grupo Escolar de Noia.

Comezou publicando poemas en *El Emigrado*, *Vida Gallega*, *El Compostelano*, *La Noche* e *Tapal*. asinaba ás veces co pseudónimo **Zenón de Ferjas**

JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ BREA

José María Sánchez Brea, naceu en San Pedro de Ancorados (A Estrada) em 1888 e finado no mesmo concello o 24 de abril de 1949, foi xornalista e escritor

Emigrou a Cuba, onde publicou a noveliña *La caída de un cacique* e dirixiu o periódico *Ideal Gallego*. Retornou á Estrada e na Segunda República foi membro da Comisión de Prensa do Centro de Emigrados e secretario da Federación Agraria. Dirixiu os periódicos *La Vanguardia* e *El Emigrado*. Logo do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 estivo fuxido. Entre outros lugares refuxiouse na casa de Manuel García Barros, disfrazado de xornaleiro, sobrevivindo cada xornada baixo a ameaza de que puidera ser a última e compartindo lecturas polas noites. Cando pasou a primeira onda represiva puido saír do seu agocho, e aínda que o seu procesamento foi sobresido, as autoridades franquistas abríronlle un expediente de responsabilidades políticas en 1940. Instalouse no Codeso, na parroquia de Aguións, e sobreviviu como viaxante uns anos.



MANUEL DURÁN DURÁN

Emigrou a Cuba, onde foi secretario e despois presidente da Sociedade Hijos de Tabeirós na Habana e secretario da Sociedade Hijos del Ayuntamiento de La Estrada en Cuba.

Retornou á Estrada a finais de 1932 e montou a tinturaría "Madrid"; incorporouse á Comisión de prensa do Centro de Emigrados e foi secretario do Centro e administrador de *El Emigrado*, asumindo a dirección do periódico en agosto de 1935, logo do cesamento de José María Sánchez Brea. Continuou como director até xullo de 1936.

En marzo de 1936 foi nomeado concelleiro da Estrada.

Co golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 fuxiu a Portugal. Dende alí marchou a Cuba

Colaboradores de «El Emigrado»

MANUEL GARCÍA BARROS



Manuel García Barros ("Ken Keirades"), nado no lugar de Ulla (Berres, A Estrada) en 1876 e finado en Callobre (A Estrada) o 11 de abril en 1972.

No ano 1920, coa creación do xornal *El Emigrado*, publicación financiada polos *Hijos del Ayuntamiento de La Estrada* de Cuba comezou a publicar periodicamente os seus "Contiños da terra" e comezou a ser recoñecido e respectado no ámbito cultural galego e no movemento galeguista. Neste mesmo xornal tiña unha sección chamada «Rexoubas».

No ano 1927 aprobou as oposicións de mestre.

O golpe de estado provoca que sexa detido e levado ao *cuartelillo* de Tabeirós, onde estivo a piques de ser paseado polos falanxistas. Foi suspendido de emprego e soldo. Este emprego non lle foi xamais restituído. No ano 1955 foi levado de novo ao cárcere, por lle atoparen unhas revistas (*Bohemias*) que lle mandaran desde Cuba

XOSÉ CABADA VÁZQUEZ

Obra: Vagalumes,
verso galego, 1931.
Con portada e varias
ilustracións
de Camilo Díaz



Naceu no lugar de Barro, parroquia de de Codeseda (A Estrada) en 1901 e morreu en Linares (Provincia de Xaén) en 1936. Foi prosista, poeta e político. Pertenceu á Xeración de 1922, foi membro das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos.

En 1931 obtivo o título de licenciado en Filosofía e Letras e ingresou, a comezos de outubro, como profesor no Colexio xesuíta Apóstolo Santiago de Teis, Vigo

Colaborou en *El Emigrado*, *A Nosa Terra*, *Vida Gallega* e *Nós* onde publicou varios poemas: "Na fala gallega", "O botafumeiro", "San Francisco pregando ós paxariños", "Festa en San-Iago"...

Foi director dun instituto en Medina de Rioseco (Valladolid) en 1933, e trasladouse en 1934, tamén como director e profesor de latín, a outro de Linares, Xaén, onde morreu prematuramente por mor dunha peritonite en 1936.

Vinte e seis anos despois, en 1962, os seus restos foron trasladados á súa Codeseda natal.

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ



Nado en Moldes (Boborás) en 1884 e finado en Pontevedra en 1929. Integrante da Irmandades da Fala de Ourense, impulsor da revista *Nós* e ideólogo do artellamento do grupo *Nós*, atraeu a numerosos intelectuais á causa galeguista

De obra relativamente escasa e en gran parte inédita ata 1985, foi autor, entre outras, de media ducia de poesías, sete contos, dous escritos políticos, a obra teatral incompleta *A domeadora* e os discursos "Os problemas do idioma e a cultura no rexionalismo galego" (1918) e "Encol da prosa galega" (1924), co que ingresou no Seminario de Estudos Galegos.

Desde o ano 1907 participou no movemento agrario, facéndoo de forma directa na fundación de sindicatos agrarios na Estrada e noutros puntos de Galicia.

En 1919 comezou a traballar como profesor no Instituto de Pontevedra onde foi compañeiro de Castelao.

Morreu prematuramente aos 44 anos de idade. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1985

ESCOLAS DA ESTRADA FINANCIADAS POR EMIGRANTES

Casa-escola de Arnois



Esta escola foi construída por iniciativa dos veciños da parroquia, nuns terreos doados por un dos seus veciños, Ramón Gambino, que estaba emigrado na Arxentina. Para a realización das obras, contaron coa axuda económica dos seus veciños residentes na Arxentina e en Cuba, que tamén enviaron material educativo. Funcionou como escola durante moitos anos e hoxe funciona como local social.

Casa-escola de Calobre



A escola foi construída polos veciños, que contaron coa colaboración do seu sindicato agrario e con doazóns puntuais dos seus conveciños residentes na Habana. Estes, en diversos momentos, enviaron cartos para mercar o equipamento da escola e mesmo o material educativo, como mapas ou estilográficas

Casa-escola de Curantes



A escola foi construída pola veciñanza a través dunha colecta popular e fixo tamén un chamamento aos veciños residentes na Arxentina. Estes mandáronlles cartos para a compra do soar e para as obras de carpintaría. O mobiliario da escola foi mercado coa doazón dun veciño da parroquia

Casa-escola de Guimarei



Este edificio foi promovido pola Sociedad de Agricultores de Guimarei y Ouzande para ser a súa sede e instalar alí unha escola para os nenos e nenas da parroquia. Para levar a cabo este propósito, conseguiron a axuda dos veciños residentes en Cuba. En 1926, a sociedade Unión Estradense de Bos Aires manda cartos para o seu mantemento e o pago do soldo do mestre. En 1938, o edificio foi incautado polo réxime franquista.

Casa-escola de Paradela-Barbude



Este centro escolar foi construído por iniciativa dos veciños das parroquias de Paradela e Barbude, que contribuíron con cartos e co seu traballo. En 1924, grazas a axuda económica da sociedade Hijos del Ayuntamiento de la Estrada de la Habana, mercaron un terreo no lugar da Devesa. Para construír o edificio conseguiron tamén axuda económica dos seus veciños emigrados en Cuba e na República Arxentina.

Casa-escola de Pardemarín



Esta escola foi construída por iniciativa do Sindicato Agrícola de Pardemarín, que lles pediu axuda económica aos seus veciños residentes en América. Non só contribuíron os que emigraran a Cuba, tamén mandaron cartos os que vivían en Nova York, Bos Aires e Cádiz.

Outras escolas: Escola « Hijos de Tabeirós, casa -escola de Vinseiro, casa-escola de Rubín, etc

<http://mapas.consellodacultura.gal/escolas/>

ESCOLA DE RUBÍN



No frontón podemos ler o nome dos principais promotores da escola «SOCIEDAD DE YNSTRUCCION UNION DE RUBIN. YNICIADA EN LA HABANA EL DIA 2 DE DICIEMBRE DEL AÑO DE 1906. POR LOS SRES. FRANCISCO PAZ, JOSE RODRIGUEZ VILAS Y PEDRO FRAGOSO». Hai outras dúas placas con data do ano 1998 que fan referencia á rehabilitación do edificio e ao agradecemento dos veciños aos fundadores.

Na planta baixa había unha soa aula onde recibían clases gratuítas os nenos e nenas da parroquia. Alí impartíase un programa educativo progresista e laico, con clases de inglés e de agricultura.

Posteriormente, ante o aumento do alumnado, habilitáronse dúas aulas máis. Un dos seus mestres foi José Otero Abelleira, coñecido agrarista, retornado de Cuba, que foi director do xornal *El Emigrado* e membro das Irmandades da Fala.

A escola foi inaugurada en 1915 e dependeu da sociedade promotora ata 1923, ano en que se instalou alí unha escola nacional.

En 1921, a sociedade habaneira mercou un terreo contiguo á escola para establecer un campo de experimentación agrícola